



PROGRAMAS DE AXUDAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS [2026]

PROGRAMA II. BONO NOVA OPORTUNIDADE

Axuda para as persoas traballadoras autónomas que cesaron na súa actividade e van volver emprender un negocio como persoas traballadoras autónomas e son demandantes de emprego no momento previo á nova alta

Prazo aberto das 9:00 h
do **11 de febreiro** ata
as 20:00 horas do **30
de setembro de 2026**

Orzamento
1.500.000 €



Persoas beneficiarias

Importe da axuda
7.500 €

+ 500 €
se a beneficiaria é muller

» Persoas traballadoras autónomas **que teñan sido autónomas con anterioridade, que queiran volver emprender**, e cumpran os seguintes requisitos:

- Ter **causado alta** no RETA ou noutro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional **entre o 1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2026**, e estar de alta no momento da solicitude.
- Estar inscrita como persoa demandante de emprego sen ocupación efectiva nos servizos públicos de emprego **no momento da alta en vida laboral** como persoa autónoma.
- Ter a **unha alta inicial no RETA** ou outro réxime especial por conta propia ou mutualidade, antes desta nova alta, **dentro dos últimos 5 anos** desde a data de publicación desta orde (entre o 20 de xaneiro de 2021 e o 20 de xaneiro de 2026).
- Ter **cotizado anteriormente polo menos 3 meses ininterrompidos** no RETA ou noutro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade, estando de alta no IAE.
- Ter **transcorrido un mínimo de 6 meses** entre a nova alta e a anterior baixa.
- Ter domicilio fiscal en Galicia **con anterioridade á nova alta**, e **desenvolver a actividade profesional en Galicia**.
- Ter **iniciada a actividade con anterioridade** á presentación da solicitude da axuda.
- Ter dado a **baixa no IAE da actividade precedente**.

IMPORTANTE: tamén poden ser beneficiarias

As persoas traballadoras autónomas que formen parte de **comunidades de bens, sociedades civís** ou outras entidades sen personalidade xurídica de nova creación, sempre que as soliciten a título persoal e **coa entidade xa constituída** antes da solicitude e, en todo caso, **despois do 1 de outubro de 2025**.

EXCLUSIÓN

Exclúense as persoas autónomas beneficiarias desta axuda **en convocatorias anteriores**, persoas autónomas que sexan membros de **entidades de economía social, de sociedades mercantís ou de sociedades laborais**, persoas autónomas administradoras que **non acrediten participación** na empresa ou negocio e as persoas autónomas **colaboradoras**.





PROGRAMAS DE AXUDAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS [2026]

PROGRAMA II. BONO NOVA OPORTUNIDADE



Presentación de solicitudes

- » As solicitudes **presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos** a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- » O prazo para a presentación da solicitude **rematará o 30 de setembro de 2026** ás 20:00 horas.
- » A presentación **supón a aceptación das obrigas** establecidas para **ser beneficiaria**, así como a **aceptación da axuda** de ser persoa beneficiaria dela.
- » **Só será válida unha solicitude por persoa**. No caso de presentar unha nova, entenderase que desiste da anterior presentada (salvo se xa estivese resolta).



Documentación complementaria a presentar xunto coa solicitude

- » Documentación que acredite suficientemente a **posta en marcha da actividade** (facturas da compra de maquinaria, do alugueiro, da compra de mercadorías...).
- » Cando se actúe mediante representación, **acreditación por calquera medio válido** (en caso de que non estea inscrito no Rexistro xeral de apoderamentos da Xunta de Galicia).
- » Acreditación de **baixa no IAE da actividade precedente** (modelo 036 ou 037 da actividade anterior) e **certificación censual da nova actividade**.
- » No caso das persoas mutualistas, **certificado de baixa, certificado do tempo que pasou en situación de mutualista, e certificado da nova alta**.
- » De ser o caso, **contrato ou documento da creación da comunidade de bens, sociedade civil ou entidade sen personalidade xurídica**.



Principais obrigas das persoas beneficiarias

- » **Permanecer de alta** no RETA ou na mutualidade de colexio profesional durante **un tempo mínimo de 24 meses desde a nova alta** como persoa traballadora autónoma, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade.
- » **Manter o domicilio fiscal en Galicia** durante un **mínimo de 24 meses**.
- » **Xustificar ante o órgano concedente** o cumprimento dos requisitos e das condicións, e comunicarlle **calquera modificación das condicións** tidas en conta para a concesión.
- » **Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social** e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- » **Conservar os documentos xustificativos** da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, aos efectos das actuacións de comprobación e control, e adoptar as medidas adecuadas para **dar publicidade ao financiamento público**.
- » Adoptar as medidas adecuadas para **dar publicidade ao financiamento público** das actuacións.

Acceso á ficha da
sede electrónica



[Pulsa ou escanea]

